



**NOTIFICACIÓN**

<b>Expediente</b>	<b>2019111992</b>	
<b>Asunto</b>	Nomeamento, mediante comisión de servizos, da xefatura de Sección de RRHH	

Con data de 15/10/2019 a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi deste Concello adoptou unha resolución que transcrita di como segue:

*“Examinado o informe proposta elaborado polo Servizo de Recursos Humanos con data 15/10/2019 e que literalmente transcrito di:*

**“ Antecedentes**

*Mediante resolución de data 05/09/2019 acórdase a convocatoria, en réxime de comisión de servizos, para a urxente cobertura de varios postos no Servizo de Recursos Humanos e Emprego, entre os que se atopa a xefatura de Sección de Recursos Humanos.*

*O día 20/09/2019 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello un escrito que presenta dona María Milagros López Álvarez funcionaria de carreira do Concello de Fene, Técnica de Xestión Financeira e Recadación, no que pide que se teña en conta a súa solicitude para cubrir temporalmente o citado posto de traballo.*

*O incremento exponencial do volume de traballo e a complexidade e especialidade dalgúns expedientes, como por exemplo os relativos á execución de sentenzas xudiciais, a aprobación dunha nova Relación de Postos de Traballo, entre outros, fan imprescindible en aras a evitar un prexuízo ao normal funcionamento do servizo a cobertura urxente do citado posto, sen prexuízo da súa cobertura con carácter definitivo.*

*Na vixente Relación de Postos de Traballo (en diante RPT) que é a publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 14 do 22 de xaneiro de 2015 figura o citado posto de traballo co contido e características que de seguido se relacionan:*

TIP O	GRU PO	CORPO/ ESCALA	PRO V.	NIVEL CD	C.E.	LNACIONAR.	FORMACI ÓN ESPECÍFI CA	OBSERVACI ÓNS
F	A1 A2	AX AE	C	26	804,02 €U.E.			2,4,8

**Observacións:**

*2- Este persoal prestará servizo en réxime de especial dedicación, realizando unha xornada de traballo de 40 horas semanais, sen prexuízo dos incrementos horarios que ocasionalmente sexan precisos por necesidades do servizo, ademais de ter disponibilidad para o exercizo das funcións do posto fóra da xornada habitual do mesmo.*

*4- Este posto poderán desempeñalo funcionarios/as doutras administracións públicas, incluída a local.*

*8- Titulacións das ramas económica e/ou xurídica ou equivalentes.*

*Da documentación que achega a interesada se desprende que é funcionaria de carreira Técnica de Xestión Financeira e Recadación grupo A, subgrupo A2 e que está en posesión da Diplomatura en Ciencias*

*Empresariais. Tense en conta o desenvolvemento en postos de traballo en materia de retribucións e seguridade social, tamén en materia de xestión de tramitación de proxecto do orzamento, cadro de persoal, ..... Isto debido a que o posto a cubrir está encadrado dentro da Área de Economía, Facenda, Emprego e Recursos Humanos polo que a formación nestas materias resultará de utilidade nun servizo que xestiona máis dunha cuarta parte do orzamento municipal.*

*Por todo isto se desprende que dona M<sup>a</sup> Milagros López Álvarez reúne os requisitos para o desempeño do posto, por este motivo e tendo en conta a necesidade existente de dar cobertura ao posto de xefe/a de Sección de Recursos Humanos, este Concello dirixiu un escrito ao Concello de Fene interesando que manifestasen o seu parecer ao respecto da petición formulada pola interesada.*

*Con data 15/10/2019 o Concello de Fene achega a este departamento unha comunicación consistente en acceder ao solicitado prestando así conformidade para que dona M<sup>a</sup> Milagros López Álvarez poida desempeñar en comisión de servizos o citado posto.*

### **Consideracións legais**

*A principal normativa de aplicación recollese fundamentalmente no decreto 92/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Comunidade Autónoma de Galicia, que no seu artigo 4.2.a) establece que cando un posto quede vacante, poderá ser cuberto, no caso de urxente e inaprazable necesidade, en comisión de servizos, durante o prazo máximo dun ano ou ata a resolución do seguinte concurso, no suposto de que este se resolverse antes da finalización do dito prazo, con outro funcionario que reúna os requisitos establecidos para o seu desempeño nas relacións de postos de traballo. No apartado 5 do mesmo artigo se contempla a posibilidade de prorrogar a comisión de servizos por outro ano mais se o posto continúa vacante.*

*O Real decreto 364/1995 que aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado establece a mesma posibilidade de nomeamento en comisión de servizos coas condicións expostas no parágrafo anterior.*

*Pola súa banda a Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia sinala no seu artigo 96 que os postos de traballo reservados a persoal funcionario poden proverse excepcionalmente e de xeito temporal en comisión de servizos voluntaria, para o cal o persoal funcionario deberá pertencer ao corpo ou escala e reunir os demais requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo.*

### **Conclusións**

*Por todo o exposto, tendo en conta a necesidade urxente de cubrir o dito posto polos motivos descritos e o cumprimento por parte da interesada de todos os requisitos esixidos para o seu desempeño, proponse (en virtude do acordo plenario de data 08/07/2019) á concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi a adopción do seguinte acordo:*

***Nomear a dona M<sup>a</sup> Milagros López Álvarez, funcionaria de carreira do Concello de Fene para desempeñar o posto de Xefa de Sección de Recursos Humanos do Concello de Ferrol, en réxime de comisión de servizos, nas condicións establecidas no Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna da Administración autónoma de Galicia que son as que de seguido se relacionan e agás que se dicte resolución noutro sentido:***

- *Polo período máximo dun ano*
- *Este posto deberá incluírse no correspondente procedemento de provisión máis próximo*
- *De continuar vacante, poderá prorrogarse como máximo un ano máis.*

*Non obstante, vostede resolverá.”*

*Examinada asímesmo a documentación que o acompaña, así como o informe da Intervención.*

***Decreto.- Vista a proposta apróboa nos seus propios termos.”***

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición perante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 45 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso administrativa (BOE 14/07/1998).

O secretario xeral